

CLUB DE LECTURA 2º ESO

Hoxe reunímonos para o noso Club de Lectura de 2º ESO coa intención de comentar *O neno can*, un libro de relatos que aborda asuntos relacionados coa falta de dereitos que aínda hoxe en día padecen moitos nenos e nenas ao longo do mundo.



Resultou moi interesante comentar as vivencias de Leila, Carlos ou Nadim tomando como punto de partida os Dereitos do Neno que aparentemente esqueceron case todos os adultos que forman parte do libro.



Todos coincidimos en que, a pesar de que o libro era un pouco triste, as historias resultaban interesantes. A experiencia de lectura foi moi positiva.

